

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DE 22 DE ABRIL DE 2024

1. ASISTENCIA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL. Referencia: 2024/00017248K.

Aprobación de actas de sesións anteriores.

Acórdase aprobar as actas correspondentes ás sesións da Xunta de Goberno Local ordinaria do 15 de abril e a extraordinaria e urxente do 17 de abril.

2. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2024/00001535V.

Licenza proxecto reformado do básico para a construción de edificio de 20 vivendas protexidas de rexime especial 22 vivendas libres, 4 oficinas garaxes e trasteiros nas parcelas sitas na rúa Restollal, Rúa Josefa García Segret, Rúa Alejandro Pérez Lugin e parte inferior de Rúa Manuel Vazquez Cacharrón.

Acórdase:

Primeiro: aceptar a cesión de viario formalizada na escritura pública de data 16/04/2024, outorgada ante o Notario Francisco López Moledo, co número de protocolo 1.177.

Segundo: conceder ao MERENDERO DO RESTOLLAL SOC COOP GALEGA licenza para a construción de edificio de 20 vivendas protexidas de rexime especial, 22 vivendas libres, 4 oficinas, garaxes e trasteiros nas parcelas sitas na rúa Restollal, Rúa Josefa García Segret, Rúa Alejandro Pérez Lugin e parte inferior de Rúa Manuel Vazquez Cacharrón Santiago de Compostela (A Coruña) parcelas con referencia catastral 7562944NH3476D0001ZL, 7562943NH3476D0001SL, 7562942NH3476D0001EL e 5629F5NH3476D0001KL Santiago de Compostela (A Coruña) segundo o proxecto reformado do básico presentado o 02/01/2024 e a documentación complementaria presentada o 09 e 17/04/2024 redactado polo arquitecto José Manuel Arias, cun orzamento de execución material de 2.100.000,00€.

3. ÁREA IX.- MEDIO RURAL. Referencia: 2017/00002366D.

Aprobación proxecto básico e de execución “Mellora de equipamentos deportivos e sociais na parroquia de Figueiras” para inclusión do plan de obra

Acórdase:

Primeiro: aprobar o proxecto básico e de execución denominado “Mellora de equipamentos deportivos e sociais na parroquia de Figueiras”, de outubro de 2022, redactado polo arquitecto D. Juan Pinto Tasende, asinado dixitalmente con data 18/04/2024, e que ten as seguintes características:

- Orzamento: 293.966,92 € + 61.733,05 € de IVE = 355.699,97 €.
- Prazo de execución: 4 meses.
- Clasificación do contratista: non esixible.

Segundo: comunicar este acordo á Deputación Provincial da Coruña para o seu coñecemento e para os efectos de continuar coa tramitación da solicitude presentada ao abeiro do plan POS+ 2024.

4. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2024/00017998N.

Tomar coñecemento da sentenza referente ao PA 65/2022 CA1

Sentenza nº 083/2024

PA 065/2022 CA1

Obxecto: multa coercitiva de 6.000 euros por falta de presentación de estudo de seguridade para a construción dun noiro de contención dentro do prazo conferido.

A sentenza é desfavorable para o Concello, non recorrible en apelación.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da sentenza.
2. Remitir ao Servizo de Licenzas e Disciplina para a súa execución.

5. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2024/00017498H.

Tomar coñecemento da sentenza do PA 237/2023 CA 2 sobre nivel 18 para o posto de traballo de policía local.

Sentenza nº 078/2024

PA 237/2023 CA2

Obxecto: nivel 18 para o posto de traballo de policía local.

A sentenza é desfavorable para o Concello, recorrible en apelación.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da sentenza.
2. Ordenar a non interposición de recurso.
3. Remitir ao Servizo de Persoal para a súa execución.

6. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2024/00017499L.

Tomar coñecemento da sentenza recaída no PA 355/2023 CA2 sobre reclamación nivel 18 para o posto de traballo de policía local.

Sentenza nº 077/2024

PA 355/2023 CA2

Obxecto: nivel 18 para o posto de traballo de policía local.

A sentenza é desfavorable para o Concello, recorrible en apelación.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da sentenza.
2. Ordenar a non interposición de recurso.
3. Remitir ao Servizo de Persoal para a súa execución.

7. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2024/00017489D.

Tomar coñecemento da sentenza recaída do DSP 469/2023 Social1 sobre reclamación de cantidades, resolución de contrato de traballo e indemnización.

Sentenza nº 078/2024

DSP 469/2023 XS 1

Obxecto: reclamación de cantidades, resolución de contrato de traballo e indemnización.

A sentenza é favorable para o Concello, recorrible en suplicación.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da sentenza.
2. Agardar pola súa firmeza.
3. Remitir ao Servizo de Tráfico para o seu coñecemento.

8. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2023/00050629X.

Tomar coñecemento da sentenza ditada no DSP 580/2023 do Social1. Reclamación de cantidades, resolución de contrato de traballo e indemnización.

Sentenza nº 079/2024

DSP 580/2023 XS 1

Obxecto: reclamación de cantidades, resolución de contrato de traballo e indemnización.

A sentenza é favorable para o Concello, recorrible en suplicación.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da sentenza.
2. Remitir ao Servizo de Tráfico para o seu coñecemento.

9. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2024/00018354T.

Tomar coñecemento da sentenza recaída no procedemento PA 497/2017 CA1 sobre imposición de multa coercitiva por non executar a orde de demolición |

Sentenza 8/2024, de 19 de xaneiro de 2024, do Xulgado do Contencioso-administrativo núm. 1 de Santiago de Compostela

Procedemento: PA 497/2017

Obxecto: decreto do Concelleiro Delegado de Urbanismo de 26.09.2017 polo que se levanta a suspensión da executividade do Decreto de 10.05.2017 e se desestima o recurso de reposición interposto contra esta resolución, na que se impón unha multa coercitiva de 3.000 euros por non executar a orde de demolición imposta polo Decreto de 27.10.2003, confirmado en reposición e firme.

A sentenza acorda a non admisión do recurso contencioso-administrativo acollendo as argumentacións municipais consistentes en que a mesma sanción xa foi obxecto dun previo pronunciamento xudicial confirmado pola Sala do Contencioso-administrativo do TSX ao resolver o recurso de apelación correspondente ao PO 312/2017, polo que resulta de aplicación a causa de inadmisión do artigo 69.d da LXCA.

A sentenza é firme, segundo indica a dilixencia de ordenación de 10.04.2024, ao non terse interposto recurso de apelación pola parte demandante, polo que non procede interpoñer recurso ningún.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da resolución xudicial
2. Remitir ao Departamento de Licenzas/Disciplina para a súa información e efectos oportunos |

10. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2024/00018414Z.

Tomar coñecemento da sentenza ditada no Recurso Apelación 4297/2023 TSXG-PO 74/022 CA2. Sobre inicio de actividade vivenda turística |

Resolucións:

- Sentenza 128/2023, de 28 de xuño, do Xulgado do Contencioso-administrativo nº 2 de Santiago de Compostela

- Sentenza 141/2024, de 20 de marzo, da Sala do Contencioso-administrativo do TSX de Galicia, Sección 2ª

Procedementos: PO 74/2022; RA 4297/2023

Obxecto: Decreto 2022/35 da Concelleira Delegada de Urbanismo, Vivenda, Cidade Histórica e Acción Cultural de data 4.01.2022, polo que se rexeita o recurso de reposición interposto contra o Decreto do 12.05.2021, polo que se declara a ineficacia da comunicación previa de inicio da actividade de vivenda de uso turístico (VUT) por incumprimento do DB SUA 9 (accesibilidade) do CTE.

Ambas resolucións determinan a desestimación íntegra da demanda.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da resolución xudicial.
2. Remitir ao Departamento de Licenzas/Disciplina para o seu coñecemento, especialmente nos aspectos nos que incide este informe

ASUNTOS DE URXENCIA

12. CONTRATACIÓN. Referencia: **2023/00025641T.**

[Autorización do inicio de trámites para proceder a recepción da “Execución das obras de pavimentación no lugar de Aradas (A Peregrina). (POS+2022 – Adicional 2/1ª fase)”.]

Acórdase autorizar o inicio de trámites para proceder á recepción da “Execución das obras de pavimentación no lugar de Aradas (A Peregrina). (POS+2022 – Adicional 2/1ª fase)”, nomeando representante da administración ao técnico municipal e responsable das obras de referencia, que unha vez autorizada dita recepción, deberá comunicar a Intervención Municipal, lugar e hora para concorrer ao acto.

13. CONTRATACIÓN. Referencia: **2022/00042789V.**

[Autorización do inicio de trámites para proceder a recepción da “Execución das obras de pavimentación da rúa Elena Quiroga (A Barca) e A Braña (Silvouta) ambas dúas na parroquia de Villestro (POS+2021)”.]

Acórdase autorizar o inicio de trámites para proceder á recepción da “Execución das obras de pavimentación da rúa Elena Quiroga (A Barca) e A Braña (Silvouta) ambas as dúas na parroquia de Villestro (POS+2021)”, nomeando representante da administración ao técnico municipal e responsable das obras de referencia, que unha vez autorizada dita recepción, deberá comunicar a Intervención Municipal, lugar e hora para concorrer ao acto.

14. EDUCACIÓN. Referencia: **2024/00018529Z.**

[Aprobar a modificación parcial do acordo de Xunta de Goberno Local do 29 de xaneiro de 2024, establecendo que no mes de agosto do curso 2023-24 será a Escola Infantil de Meixonfrío-Salgueiriños a que permanecerá aberta se hai un mínimo de demanda.]

Acórdase aprobar a modificación parcial do acordo de Xunta de Goberno Local do 29 de xaneiro de 2024, establecendo que no mes de agosto do curso 2023-24 será a Escola Infantil de Meixonfrío-Salgueiriños a que permanecerá aberta se hai un mínimo de demanda, quedando o resto do acordo tal e como se recolle no mesmo.

15. SERVIZOS SOCIAIS. Referencia: **2024/00015818V.**

[Aprobar o texto do convenio de colaboración para o ano 2024 entre o Concello de Santiago de Compostela e a entidade: Asociación de Padres de Personas con Discapacidade Intelectual (ASPAS) pola contía de 6.000,00 €.

Acórdase aprobar o texto do convenio de colaboración para o ano 2024 entre o Concello de Santiago de Compostela e a entidade: Asociación de Padres de Personas con Discapacidade Intelectual (ASPAS) pola contía de 6.000,00 € e a retención de crédito polo importe anterior, con cargo á aplicación orzamentaria 020-23100-4800007, reflectida no apartado de subvencións nominativas das bases de execución do orzamento xeral para o ano 2024.